

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AUTORIZACION CELEBRACIÓN MERCADO SEMANAL

EXPEDIENTE:2021/G003/000123

ANTECEDENTES:

Visto o Decreto 5/2021, de 19 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da CCAA de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo RD 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo COVID-19.

Vista a Orde do 17 de marzo de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 3.8 de dita Orde determina: No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, a capacidade virá determinada polo número de postos autorizados do seguinte xeito. A) Nos mercados con menos de 50 postos autorizados, poderán dispoñer do 100% dos postos habituais ou autorizados.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Autorizar, **a partir do vindeiro día 26 de marzo de 2021**, (éste incluído) a celebración do mercado semanal dos venres, podendo dispoñerse do 100% da ocupación do mesmo.

SEGUNDO: O Concello establecerá requisitos de distanciamento entre os postos e condicións de delimitación do mercado co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersonal entre traballadores, clientes e viandantes ou, na súa falta, será precisa a utilización de medidas de protección física. O uso da mascarilla será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada.

TERCEIRO: Durante todo o proceso de atención ao consumidor deberá manterse a distancia de seguridade interpersonal establecida entre o vendedor e o consumidor, que poderá ser dun metro cando se conte con elementos de protección ou barreira.

CUARTO: Deberá sinalarse de forma clara a distancia de seguridade interpersonal entre clientes,

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal



**CONCELLO
DE CARIÑO**



con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartelaría e sinalización para aqueles casos en que sexa posible a atención individualizada de máis dun cliente ao mesmo tempo.

QUINTO: Recoméndase a posta á disposición de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados nas inmediacións dos mercados ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública. Realizaráse, polo menos unha vez ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención á superficies de contacto máis frecuentes, especialmente mostradores e mesas ou outros elementos dos postos, anteparos, de ser o caso, teclados, terminais de pagamento, pantallas táctiles, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles utilizados por máis dun traballador. Procuraráse evitar a manipulación directa dos produtos por parte dos clientes.

SEXTO: Revocar, e polo tanto, deixar sen efecto, o Decreto Alcaldía 24/2021, de 20/01/2021, e publicar o presente acordo no taboleiro electrónico e páxina web municipal.

En Concello de Cariño, 23 de marzo de 2021

O Alcalde

José Miguel Alonso Pumar

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)